



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE MONTERREI PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE MONTERREI

1.- Competencia

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ao abeiro do disposto no artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG núm. 79 do 25 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

2.- Antecedentes

O día 19 de febreiro de 2014 publicouse no Diario Oficial de Galicia a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Monterrei, que se anulou pola sentenza núm. 2577/2016, do 12 de decembro, da Sala 3ª do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, e, en consecuencia, o propio plan vese anulado, por considerar que no momento da aprobación non estaba totalmente acreditada a dispoñibilidade xurídica dos recursos hídricos precisos para o abastecemento de auga do Concello.

Dende a publicación da sentenza o urbanismo no concello de Monterrei volta a rexerse pola que foi a última normativa urbanística e vixente: as normas subsidiarias de planeamento do concello, aprobadas o 27 de setembro de 1989. Por este motivo, o novo instrumento de planeamento deberá adaptarse ao disposto na actual Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, na Lei 1/2019, do 21 de abril, de rehabilitación, de rexeneración e renovación urbanas, na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, e no Real decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.





Este convenio tramítase ao abeiro do establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 (DOG nº 34, do 19/02/1998), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 (DOG nº 231, do 29/11/2000) e do 25 de outubro de 2001 (DOG nº 209, do 29/10/2001), respectivamente. A citada orde posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo II, IV, VI, VII no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito axeitado e suficiente, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Consello da Xunta, na súa reunión do 17 de outubro de 2019, aprobou o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020, polo que, para os efectos da tramitación deste acordo, resulta de aplicación o establecido na dita orde, quedando condicionada a execución dos compromisos derivados deste acordo á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2020.

3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e para estes efectos tense previsto formalizar co concello de Monterrei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2024.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Monterrei, para a redacción **do plan xeral de ordenación municipal**.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade, as manifestacións do concello en canto considera necesaria e prioritaria a redacción do plan xeral de ordenación municipal co obxecto de que o municipio de Monterrei dispoña dun documento urbanístico adaptado á lexislación vixente en materia de solo e ordenación do territorio.





Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios da lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura.

Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

